

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS  
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E  
VOLUNTARIADO

## ACTUALIDADE

- Editorial
- O conselleiro de Política Social participou nun seminario sobre o desafío demográfico no Parlamento Europeo
- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica asiste en Toledo a unha reunión preparatoria do VI Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos (FREDD)
- Máis de 8.500 familias contan coas axudas da Tarxeta Benvida, que incorporará máis beneficios á parte dos 100 euros mensuais durante o primeiro ano de vida do bebé.
- Rey Varela visita a escola infantil do Ventorrillo na xornada de portas abertas co motivo do comezo do curso escolar 2016-17.
- A Xunta de Galicia colaborará no desenvolvemento do programa avós e avoas coidadores de Cruz Vermella nas sete cidades galegas.
- A Xunta de Galicia apoia os afectados polo alzhéimer nunha andaina conmemorativa do día mundial desta enfermidade.
- A Consellería de Política Social asina un convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para a posta en marcha dun Programa de atención psicolóxica e logopédica para menores.
- A Xunta de Galicia apoia o uso das novas tecnoloxías para a integración e a igualdade de oportunidades das persoas con necesidades específicas.
- Arturo Parrado apoia a posta en marcha do programa Bo rumbo de acceso ao mercado laboral de persoas en situación de exclusión social.
- Rey Varela destaca a importancia das novas tecnoloxías "como orientación dos mozos cara ao mundo laboral" na entrega de Premios do Xuventude Galicia Net 2016.
- A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado fomenta a seguridade viaria a través dun curso de conducción gratuíto para mozos e mozas.
- Cecilia Vázquez acode á posta en marcha de dous proxectos impulsados a través de Iniciativa Xove por estudantes da Universidade de Santiago.
- Días internacionais.



## NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

## PUBLICACIONES

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL  
Memoria 2015

## ESTADÍSTICAS

- Enquisa de poboación activa (EPA)
- Proxeccións de poboación 2016-2031

## ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Congresos, xornadas e cursos.
- Redes sociais: Blogs.
- Blog de publicacións.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2016. BdB. Boletín de  
Bienestar, 2016

Edita:  
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral  
de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://libreria.xunta.gal/gl/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-4-setembro-outubro-2016> Esta obra distribúese cunha  
licenza CC-Atribución.CompartirIguual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:  
[https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)

Coordinación: Pepa Dabán Royo.  
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.  
ISSN: 2445-1932

## Editorial

As novas seleccionadas neste novo número do boletín son unha pequena mostra do catálogo de prestacións que desde a Consellería se ofrece para dar resposta aos distintos colectivos con necesidades sociais. E isto, coa finalidade de atender as súas demandas para, deste modo, obter un maior benestar social e unha mellor calidade de vida.

O desafío demográfico, o inicio de curso nas escolas infantís sostidas con fondos públicos, a celebración do Día Mundial do Alzheimer, os convenios con

entidades para o desenvolvemento de programas de distinta índole (inserción laboral, uso das TIC, atención psicolóxica para discapacitados e maiores) unido aos proxectos, premios e cursos de formación postos en marcha desde o departamento de Xuventude resumen *grosso modo* o máis salientable das políticas levadas a cabo por esta consellería.



## O conselleiro de Política Social participou nun seminario sobre o desafío demográfico no Parlamento Europeo

- ▶ José Manuel Rey Varela interveu en representación de Galicia para sensibilizar sobre a inclusión dos criterios demográficos na repartición de fondos da futura política rexional
- ▶ O evento está organizado polo Servizo de Investigación do Parlamento Europeo e nel participan representantes de diversas rexións europeas

**Bruxelas, 6 de setembro de 2016.**- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou en Bruxelas no seminario "Política de Cohesión da UE: como poden as rexións europeas afrontar o desafío demográfico?", organizado polo Servizo de Investigación do Parlamento Europeo co apoio da Fundación Galicia Europa. O seminario, no que participaron ademais representantes das rexións

do Piemonte (Italia), Turinxia e Saxonia Anhalt (Alemaña), tivo por obxectivo sensibilizar o Parlamento Europeo sobre os retos demográficos aos que se enfrontan certas rexións europeas de cara ao deseño da política de cohesión posterior a 2020, antes de que a Comisión Europea elabore unha proposta ao respecto.

O seminario, que tivo lugar entre as 17:30 e as 19:00 horas na sede do Parlamento Europeo

en Bruxelas, contou, ademais de con Rey Varela, coa presenza da eurodeputada italiana Mercedes Bresso, presidenta do Intergrupo de Áreas Rurais, Montañosas e Remotas; Michael Schneider, representante da rexión alemá de Saxonia-Anhalt; e Babette Winter, membro do Comité das Rexións en representación de Turinxia. Abriu o seminario Ramón Luis Valcárcel, vicepresidente do Parlamento Europeo, do que depende o Servizo de Investigación do Parlamento Europeo, o grupo de reflexión interno que asiste aos eurodeputados no seu labor parlamentario mediante publicacións e seminarios especializados. Con motivo deste seminario, o

EPRS acaba de publicar unha análise sobre a situación das zonas escasamente poboadas en Europa.

### Unha política vital para Galicia

A política de cohesión é a principal política de investimento da UE e segue a ser vital para as rexións do espazo comunitario. No caso galego, son máis de 18.000 millóns de euros os recibidos pola nosa comunidade autónoma desde a súa adhesión á UE a través de instrumentos como o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o Fondo Social Europeo (FSE). A programación destes fondos é plurianual e Bruxelas está xa

imersa no debate sobre o futuro desta política logo de 2020, ano no que remata o período en curso.

A Comisión Europea terá que publicar as propostas de novos regulamentos en 2018 e é neste contexto no que as rexións europeas traballan para

que os criterios demográficos –nun continente afectado polo envellecemento e as baixas taxas de natalidade– teñan máis importancia á hora de deseñar a futura repartición de fondos. O Parlamento Europeo é, xunto co Consello da UE, colexislador




nesta materia polo que a súa postura é moi importante neste debate. As rexións tamén solicitan unha estratexia europea coa que facer fronte aos retos económicos e sociais do cambio demográfico. Este debate coincide con outro máis amplo, o da


preparación do Marco financeiro plurianual (MFP) posterior a 2020, que fixará os límites de gasto na UE durante sete anos, e que deberá fixar o peso reservado á política de cohesión, que ata agora representa un terzo do gasto comunitario.

<http://www.proxectosymbios.eu/>

Accesibilidade Mapa do sitio Contactar

Galego Castellano English

  XUNTA DE GALICIA  FONDO SOCIAL EUROPEO "O FSE inviste no teu futuro" UNIÓN EUROPEA

 Iniciar sesión

Inicio Proxecto Socios Retrato socio-demográfico Novas Produtos Foro Iniciativas

### Crise demográfica, territorios habitables e inclusión

Perspectiva socio-territorial da Estratexia 2020

O proxecto Symbios é unha oportunidade de encontro, intercambio e aprendizaxe sobre os desafíos do cambio demográfico e as súas consecuencias no benestar e na inclusión social da xente e dos territorios. Quere reunir voces, perspectivas e sensibilidades diferentes: universidades e persoas expertas; comunidades e asociacións; emprendedores, administracións e grupos de interese; experiencias galegas e doutras rexións europeas afectadas.

O esencial de Symbios



## A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica asiste en Toledo a unha reunión preparatoria do VI Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos (FREDD)

**Toledo, 7 de setembro de 2016.** - A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, participou na reunión preparatoria do VI Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos (FREDD) celebrada na cidade manchega de Toledo. Alí, a directora xeral destacou novamente a importancia de que "partidos de diferentes ideoloxías se xunten nesta fronte común que procura as mellores políticas para acadar a revitalización

demográfica que tanto se precisa en España".

Na orde do día, un dos aspectos máis importantes foi a posta en marcha do grupo de traballo, aprobado na última reunión mantida en xuño en Galicia, e a súa coordinación coas comunidades autónomas para abordar os diferentes temas como a incorporación da perspectiva demográfica nas políticas sectoriais.

A reunión serviu tamén para comezar a traballar no documento

- ▶ **Amparo González destacou a importancia de que "partidos de diferentes ideoloxías se xunten nesta fronte común que procura as mellores políticas para acadar a revitalización demográfica que tanto se precisa en España"**
- ▶ **Un dos aspectos máis importantes foi a posta en marcha do grupo de traballo, aprobado na última reunión mantida en xuño en Galicia, e a súa coordinación coas comunidades autónomas para abordar os diferentes temas demográficos**

que se presentará no cumio de Cuenca, cuxa celebración está prevista para finais de outubro ou principios de novembro, e que inclúe ideas e accións principais como corrixir o desequilibrio

territorial e poboacional de España. Unha xuntanza na que está prevista a participación dos europarlamentarios con representación nas comunidades que integran o FREDD.

## Actualidade

## Máis de 8.500 familias contan coas axudas da Tarxeta Benvida, que incorporará máis beneficios á parte dos 100 euros mensuais durante o primeiro ano de vida do bebé

- **Afirma que a axuda é compatible coas demais que contempla o Plan de Apoio á Natalidade**

<http://www.pan.gal/>

**Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2016.** O presidente do Goberno galego en funcións, Alberto Núñez Feijóo, asegurou que 8.563 familias contan xa coas axudas da Tarxeta Benvida, de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida do bebé para adquirir produtos básicos como leite, alimentos infantís, cueiros e outros produtos de hixiene ou medicinas.

En total, presentáronse 10.438 solicitudes de axuda, das cales se informatizaron 10.089. Destas, 9.705 son favorables, o que supón unha porcentaxe de concesión do 96%. Así, á parte das 8.563 familias que xa dispoñen da Tarxeta Benvida, hai 1.142 máis á espera de achegar

máis documentación ou dalgún trámite administrativo.

Segundo subliñou Feijóo, o Goberno galego está a traballar para que a Tarxeta Benvida non sexa só unha axuda de 1.200 euros, senón que supoña máis beneficios para as familias que a teñen. O presidente en funcións destacou que o Goberno galego está a traballar para que cada vez máis establecementos ofrezan descontos, ofertas ou obsequios só presentando a Tarxeta Benvida. Varias empresas amosaron xa o seu interese en adherirse a este programa, como é o caso dunha importante cadea de supermercados que asinou un acordo segundo o cal as familias que compren nos seus establecementos

dispoñerán dun desconto directo do 3%.

Esta axuda é compatible coas demais que contempla o Plan de apoio á natalidade, que son as deducións fiscais por nacemento

ou adopción de fillos, as prestacións por fillo menor de 3 anos ao cargo e a exención de pagamento nas escolas infantís para familias que teñan xa outro fillo no mesmo centro.

## Rey Varela visita a escola infantil do Ventorrillo na xornada de portas abertas co motivo do comezo do curso escolar 2016-17

- **Neste ano académico entrarán en funcionamento en Galicia 6 novas escolas con capacidade para 348 usuarios e usuarias**
- **A Comunidade galega suma máis de 22.300 prazas sostidas con fondos públicos en escolas infantís.**

**A Coruña, 5 de setembro de 2016.** O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou a escola infantil do Ventorrillo, na cidade da Coruña, co galo da xornada de portas abertas que se está a celebrar en practicamente todas as escolas infantís da Comunidade galega ante o inicio do curso escolar.

Galicia suma máis de 22.300 prazas sostidas con fondos públicos en escolas infantís tal e como lembraba esta mañá o conselleiro de Política Social, o que supón unha taxa de cobertura superior

ao 37% (4 puntos por riba do limiar que marca a Unión Europea). Do total de prazas ofertadas na Comunidade galega, 2.164 se corresponden coas prazas das 26 escolas da Axencia Galega de Servizos Sociais e 7.452 coas prazas dos centros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Isto fai un total de 9.616 prazas ofertadas pola Consellería de Política Social nos centros de titularidade propia. No que respecta aos datos de matrícula, a día de hoxe están matriculados 7.922 nenos dos que 2.001

o fan en escolas da Axencia e 5.921 nas do Consorcio. Datos que mudarán co paso dos días xa que a eles se sumarán os ingresos en prazas de emerxencia

social, e as solicitudes do prazo extraordinario de setembro, así como aqueles que teñan nacido fóra do período ordinario de matriculación.



## A Xunta de Galicia colaborará no desenvolvemento do programa avós e avoas coidadores de Cruz Vermella nas sete cidades galegas

**Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2016.**- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a presidenta de Cruz Vermella de Galicia, María del Carmen Colmeiro Rojo, asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun programa pioneiro de soporte psicosocial a persoas maiores que exercen labores parentais con menores de idade a través dunha escola de avós e avoas educadores/as.

Así as cousas, Rey Varela explicaba, logo da sinatura, que a realidade social actual pon de manifesto que moitas persoas maiores se fan cargo da educación e crianza de netos e netas menores de idades, como fonte esencial de apoio á conciliación familiar e laboral, así como de apoio social cando os pais e nais non poden facerse cargo dos seus respectivos fillos e fillas. "Estas funcións de apoio poden en moitos casos supoñer un factor de estrés que afecta a calidade de vida dos maiores", sinalaba o titular de Política Social. Así mesmo, ponse de manifesto que os problemas

familiares son en moitos casos transxeracionais, xa que determinadas pautas educativas que puideron xerar disfuncións en determinados grupos familiares, poden repetirse nas novas xeracións.

Con base nestas premisas, Cruz Vermella creou un programa de apoio psicosocial a persoas maiores que exercen labores parentais de coidado e crianza de netos e netas que actualmente se está a desenvolver de xeito experimental en Carballo e Narón.

Considerando o interese social do programa tanto para o benestar das familias, como para a prevención no ámbito de menores daqueles grupos familiares afectados, a Consellería de Política Social asinou este convenio de colaboración para facilitar o desenvolvemento do programa nas sete grandes cidades de Galicia. Para iso, implantaranse escolas de avós e avoas educadores nos centros sociocomunitarios de titularidade autonómica da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo durante os meses de outubro, novembro e decembro.

- ▶ **Implantaránse escolas para maiores educadores nos centros sociocomunitarios de titularidade autonómica da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo durante os meses de outubro, novembro e decembro**
- ▶ **Con esta iniciativa pioneira trátase de ofrecer unha resposta a avós e avoas que exercen labores parentais de coidado e crianza, a través de espazos grupais de formación e auto soporte, así como un traballo individual en función das necesidades concretas**

Así, e a través desta iniciativa, tratarase de ofrecer unha resposta a aquelas persoas maiores que exercen labores parentais de coidado e crianza, a través de espazos grupais de formación e auto soporte, así como un traballo individual en función das necesidades concretas.

Nos obradoiros formativos desenvolveranse habilidades específicas que capaciten a estas persoas para o manexo de situacións cotiás na crianza e educación dos nenos e nenas ao seu cargo, orientándoos e apoiándoos en todos os aspectos que leva consigo a crianza. Ademais de prestarlle un apoio psicosocial para fortalecer as habilidades de autocoidado necesarias para afrontar esta situación dunha maneira segura e saudable. A


escola de avós e avoas propicia tamén a constitución de grupos de axuda mutua integrados por voluntarios, avós e avoas e netos e netas, para que unha vez finalizadas as actividades das sucesivas escolas, as persoas participantes poidan seguir mantendo unha vinculación e axudándose mutuamente.

O conselleiro de Política Social valorou de xeito moi positivo a posta en marcha deste convenio de colaboración "que axudará á conciliación da vida persoal e laboral dos pais e nais, e no benestar dos nenos e nenas".

"É vontade do Goberno galego apoiar as persoas con discapacidade e as súas familias en todos os pasos que dean cara a conseguir unha maior calidade de vida", concluíu.

<http://www.cruzvermella.org/>

GL ES EN
ENTRA REGÍSTRATE
Otras webs ▾


Cruz Vermella
Web oficial de Cruz Roja Española en Galicia

Quiénes somos ▾
Qué hacemos en Galicia ▾
Dónde estamos
Colabora ▾
Noticias ▾
Sala de prensa

Mejor en casa

Más información →

Teleasistencia domiciliaria


En tu casa como en ningún sitio

El botón que te acompaña

24h al día, 365 días al año

900 814 222

Teléfono Gratuito



Familias acogedoras
ÚLTIMAS NOTICIAS

## A Xunta de Galicia apoia os afectados polo alzhéimer nunha andaina conmemorativa do día mundial desta enfermidade

- ▶ O evento estivo organizado pola Federación Alzhéimer Galicia e o camiño culminou coa inauguración do Espazo da memoria no parque de Bonaval
- ▶ O conselleiro de Política Social explicou que "como administración responsable, temos a obriga de estar convosco non só conmemorado esta xornada mundial, senón tamén o resto dos 364 días do ano"
- ▶ O conselleiro de Sanidade destacou o traballo realizado dende hai anos no ámbito do envellecemento activo, ofrecendo "solucións no ámbito da atención non presencial, a integración de coidados, ou a promoción da saúde"

**Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2016.-** O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, acudiron á saída da andaina organizada pola Federación Alzhéimer Galicia (FAGAL) co gallo da celebración, do pasado 21 de setembro, do día mundial desta doenza.

Nesta actividade ao aire libre no que se reuniron persoas afectadas polo Alzheimer, familiares, coidadores e colaboradores, o conselleiro reiterou o compromiso do Goberno galego de seguir apostando pola sensibilización, prevención e formación fronte o alzhéimer; e recoñeceu o traballo diario que neste campo leva a cabo FAGAL, que "presta un apoio fundamental tanto aos doentes como aos seus familiares". Así mesmo, recalcou que a Consellería de Política Social ten como prioridade "mellorar o benestar dos galegos e galegas, aumentando a esperanza de vida plenamente autónoma e traballando na mellora das condicións das persoas que se atopan xa nunha situación de dependencia".

Tamén destacou a importancia da celebración deste tipo de efemérides, como o Día mundial do Alzhéimer, para a visibilización da doenza así como para concienciar e sensibilizar o conxunto da poboación. "Como administración responsable, temos a

obriga de estar convosco non só conmemorado esta xornada mundial, senón tamén o resto dos 364 días do ano", explicou Rey Varela. "Por iso, xuntamos forzas cada día con administracións públicas e entidades, para mellorar non só a calidade de vida dos doentes, senón tamén daqueles que os atenden e coidan cada día", engadiu o conselleiro ao tempo que agradecía o esforzo de todos os afectados directa ou indirectamente pola enfermidade. "Sodes unha peza fundamental", asegurou.

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, sinalou que en Galicia, cada ano détectanse aproximadamente uns 5.000 novos casos de alzhéimer e segundo a Sociedade Galega de Neuroloxía, existirían na nosa Comunidade entre 55.000 e 75.000 persoas con demencia, globalmente, das cales se estima que en torno a 30.000 estarían afectadas por esta enfermidade. Jesús Vázquez remarcou que "nunha sociedade cegada pola tecnoloxía, debemos centrar os nosos coidados nos pacientes, nos seus familiares, nas persoas".

Neste senso, o conselleiro de Sanidade destacou o traballo que dende o seu departamento se vén facendo dende hai anos no ámbito do envellecemento activo, ofrecendo "solucións no ámbito da atención non presencial, a integración de coidados



ou a promoción da saúde na poboación anciá e con patoloxía crónica". Jesús Vázquez remarcou que "nunha sociedade deslumbrada pola tecnoloxía, debemos centrar os nosos coidados nos pacientes nos seus familiares, nas persoas".

Jesús Vázquez tamén destacou que se realiza unha "colaboración intensa co movemento asociativo. Tamén se axuda a desenvolver labores de información, orientación e atención interdisciplinar dos pacientes e a familia, e a cooperar na formación continuada dos profesionais e colaboradores das asociacións, así como nas actividades de sensibilización social, como esta". Tamén se incluíu aos pacientes de alzhéimer na tarxeta AA, "acompañamento e accesibilidade", que implica prioridade no acceso aos servizos sanitarios, e permite que os pacientes estean acompañados por un familiar durante os procesos de atención sanitaria.

O camiño culminou coa inauguración do Espazo da memoria, no parque de Bonaval. Alí, os e as participantes procederon á

plantación dunha árbore e á introdución dunha cápsula do tempo dentro da pedra que contén a placa conmemorativa desta xornada. Este emprazamento serve dende entón como homenaxe e recordo de todas as persoas afectadas en Galicia por esta doenza no pasado, no presente e no futuro.

### Federación Alzhéimer Galicia

FAGAL é unha entidade sen ánimo de lucro que nace no ano 1998 froito da unión de varias asociacións de familiares de enfermos de alzhéimer.

Na actualidade, está composta polas 13 asociacións que existen en Galicia que suman máis de 5.000 familias e prestan múltiples servizos a través de máis de 175 profesionais do sector sociosanitario.

A entidade desenvolve os seus propios programas baseados principalmente na divulgación e formación de familiares de enfermos con algunha demencia. Ademais, dá cobertura e coordina algúns dos programas que se levan a cabo nas asociacións federadas.

<http://fagal.org/es>



## A Consellería de Política Social asina un convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para a posta en marcha dun Programa de atención psicolóxica e logopédica para menores



**Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2016.-** O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e o presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Iker Sertucha Lista, asinaron en San Caetano un convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa "Servizo de atención psicolóxica e logopédica para familias e menores xordos implantados ou con prótese auditiva".

Mediante o dito convenio, desenvolverase este programa que consiste na atención logopédica a menores xordos de entre 0 e 6 anos e na orientación sobre estratexias comunicativas ás súas familias e a centros educativos (lingua de signos),

así como tamén no asesoramento psicolóxico ás familias e/ou contorno de convivencia co fin de fomentar o desenvolvemento normalizado do sistema familiar.

Considerando o interese do proxecto que esta entidade leva a cabo e do recoñecido labor social que realiza no eido das familias con nenos e nenas xordas e/ou con discapacidade auditiva, a Consellería de Política Social, asinou este acordo co que o departamento autonómico colaborará economicamente. Pola súa banda, a FAXPG, articulará as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución do dito programa que buscará lograr tanto o equilibrio emocional como a aceptación da xordeira por parte das familias

- ▶ Esta acción ofrecerá orientación sobre estratexias comunicativas ás súas familias e a centros educativos, así como asesoramento psicolóxico ás familias
- ▶ A Administración autonómica colaborará economicamente e a FAXPG artellará as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do dito programa.

dos nenos afectados. Deste xeito, a FAXPG ofrecerá un servizo de logopedia innovador, xa que toma como base a adquisición da lingua de signos española (lingua natural para as persoas xordas) e, a partir dela, inicia a ensinanza da lingua oral co fin de que os nenos e nenas se expresen na dita lingua.

A tipoloxía de atencións que se ofrecen mediante este convenio engloba sesións de logopedia; rehabilitación de implante coclear, rehabilitación fonética (praxias, articulación), destrezas lectoescritoras, habilidades de procesamento auditivo; traballo do equilibrio e propiocepción; psicomotricidade, estimulación vestibular e deglución entre outros.

O conselleiro de Política Social, saudou a posta a andar deste convenio co que "se mellorará notablemente a calidade de vida dos pequenos e pequenas e das súas familias". Así mesmo,

indicou que o departamento autonómico e FAXPG comparten o obxectivo de "xerar as condicións que aseguren o desenvolvemento global das persoas xordas de Galicia en condicións de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades". Rey Varela felicitou tamén á FAXPG polo seu traballo diario a carón das persoas xordas.

### Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia

FAXPG é unha organización non governamental sen ánimo de lucro, fundada no ano 1979, formada por 7 asociacións de persoas xordas coas que comparte os obxectivos de promover a integración social das persoas xordas e sordocegas e conseguir unha efectiva igualdade de oportunidades no acceso á educación e ao emprego que garantan a integración sociolaboral e cultural.

<http://www.faxpg.es/>



## A Xunta de Galicia apoia o uso das novas tecnoloxías para a integración e a igualdade de oportunidades das persoas con necesidades específicas

► O conselleiro de Política Social en funcións, José Manuel Rey Varela, participou na presentación dos resultados dos proxectos sociais do programa "Connecting for Good Galicia" realizado pola Fundación Vodafone España en colaboración con entidades do CERMI

**Vigo, 4 de outubro de 2016.**- O conselleiro de Política Social en funcións, José Manuel Rey Varela, subliñou hoxe o importante papel que teñen as novas tecnoloxías na mellora da calidade de vida e o benestar das persoas con necesidades específicas de atención. Así o dixo durante a presentación dos resultados dos catro proxectos sociais do programa "Connecting for Good Galicia", levado a cabo pola Fundación Vodafone España en colaboración con nove asociacións que forman parte do Comité de Entidades de persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI).

Na súa intervención, Rey Varela destacou a importancia de que a Fundación Vodafone España, se implique no pleno desenvolvemento e integración das persoas con diversidade, xa que "é unha responsabilidade e un obxectivo que debe ser compartido polo conxunto da sociedade: administracións, organizacións, axentes sociais e iniciativa privada". Neste sentido, asegurou que a Xunta de Galicia "sempre apoiará todas aquelas accións que aposten pola mellora da calidade de vida das persoas que máis precisan do noso apoio".

Neste contexto, o titular en funcións de Política Social incidiu en que "as novas tecnoloxías son de vital importancia tanto para conseguir a integración plena como para facilitar a igualdade de oportunidades das persoas con diversidade; sexa esta física, sensorial, intelectual ou mental". Así mesmo, apuntou que ao facilitar o acceso ás TIC "evitamos a fenda dixital, favorecemos a

participación das persoas máis vulnerables na sociedade da información, apoiámos a autonomía persoal e achegamos solucións innovadoras que melloran a calidade de vida e a integración social", concluíu.

Pola súa banda, a directora en funcións da Amtega sinalou que o seu departamento colabora estreitamente con empresas do sector tecnolóxico de ámbito autonómico, nacional e internacional, tanto para impulsar actividades de difusión e formación en TIC para a cidadanía, como para promover proxectos de transformación dixital na Comunidade.


Neste sentido, Mar Pereira destacou a colaboración de Vodafone en ambas liñas. Por unha banda, como aliado dixital do Plan de inclusión dixital de Galicia, que ten entre os seus obxectivos incrementar a porcentaxe da poboación galega que accede á internet habitualmente, especialmente entre as persoas maiores e as persoas con discapacidade, que representan o 30% da poboación galega. Por outra banda, Pereira lembrou que Vodafone abrirá, en novembro no Gaiás, o Centro *Connecting for Good* Galicia, que impulsará iniciativas emprendedoras de innovación social dixital con selo galego.

Finalmente, Santiago Moreno, director xeral da Fundación Vodafone España, explicou que "para a Fundación, *Connecting for Good* é unha aposta polo desenvolvemento das TIC para o benestar da sociedade, en especial dos colectivos vulnerables. É especialmente importante seguir apoiando a innovación social

<http://www.fundacionvodafone.es/>



<http://amtega.xunta.gal/temas/xuventude-cultura-e-ocio/plan-inclusion-dixital/index.html>



dixital e a formación en ferramentas TIC dirixidas ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade".

### 3.578 maiores formados no último ano no uso de smartphones e tablets

Entre abril de 2015 e marzo de 2016, un total de 3.578 persoas maiores recibiron en Galicia formación no uso dos novos dispositivos móbiles avanzados (smartphones e tablets), a través de cursos organizados pola Fundación Vodafone en colaboración con varias entidades galegas entre as que se inclúen AMTEGA, ATEGAL, FEGAUS, CEOMA, CAUMAS, FASUNEX e a Fundación Esplai.

Para este ano, están programados con AMTEGA diferentes talleres que chegarán a 19 aulas da rede CEMIT, que ofertan preto

de 300 prazas en toda Galicia. Pola súa banda, con ATEGAL formáronse a outros 900 maiores no uso dos dispositivos móbiles avanzados. A estas dúas iniciativas súmanse as continuacións das colaboracións coa Cruz Vermella Española en contornas rurais; Fundación Esplai, con 16 talleres en Vigo; e talleres presenciais e semipresenciais organizados por FEGAUS que se imparten en aulas CEMIT, nas súas propias sedes e en sedes doutras entidades colaboradoras como COGAVE e COGAMA, cos que ademais se coordinarán diferentes accións formativas en liña.

### Formación en TIC para a inserción laboral de persoas con discapacidade

A Fundación Vodafone España e DOWN España organizan o proxecto "Eu me prep@ro", que



O conselleiro de Política Social en funcións, José Manuel Rey Varela, participou na presentación dos resultados dos proxectos sociais do programa "Connecting for Good Galicia".

### #conecta2XAccesibilidad

busca proporcionar aos mozos e mozas con discapacidade intelectual as ferramentas e estratexias necesarias para facilitarles o acceso ao emprego, a través das diferentes tecnoloxías de uso común.

Grazas a este programa, un total de 64 usuarios de Vigo, Santiago de Compostela e Pontevedra recibiron o ano pasado formación prelaboral en novas tecnoloxías, a través destes cursos en Galicia.

Na terceira edición do programa, iniciada en abril deste ano e que se prolongará ata xuño de 2017, outros 40 alumnos de Vigo, Santiago de Compostela, Pontevedra e Ourense recibirán formación en TIC dirixida a facilitar a súa inserción laboral.

### Programa de inserción laboral en colaboración con COGAMI

Doutra banda, a Fundación Vodafone España colabora con COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade) para potenciar o uso das novas tecnoloxías e o seu desenvolvemento na procura de emprego para persoas residentes no ámbito rural con discapacidade, incapacidade laboral ou dificultades de inserción.

Un total de 150 galegos están a recibir unha formación que se estenderá por 12 meses ata finais deste ano e que incluírá talleres presenciais e prácticas laborais en empresas.

A Fundación Vodafone promove a innovación no uso das novas tecnoloxías dentro da Comunidade "Conectados pola Accesibilidade". En Galicia, participan 8 entidades (BATA, DOWN CORUÑA, Fogar e Clínica San Rafael en Vigo, SARELA, FADEMG, ASPRONAGA, ASpace A Coruña e APAMP Vigo), con máis de 100 usuarios entre persoas con discapacidade e profesionais. BATA presentou a súa experiencia destacando como a ferramenta Mefacilyta, desenvolvida pola Fundación Vodafone España axuda no día a día as persoas con discapacidade intelectual. Este tipo de solucións contribúen ao proceso de transformación dixital que lles permite participar dunha forma máis activa na nosa sociedade.

A Fundación Vodafone España é unha institución sen ánimo de lucro que contribúe ao impulso da innovación e á utilización das TIC para mellorar a calidade de vida das persoas e, especialmente dos colectivos vulnerables. Desenvolve proxectos de innovación tecnolóxica que facilitan a vida das persoas dependentes, maiores e enfermos crónicos. Promove programas de formación e accesibilidade con diversas Universidades españolas dirixidos á investigación en TIC, a excelencia docente e a integración dos alumnos con discapacidade. Outros obxectivos son a difusión das telecomunicacións na sociedade a través de publicacións, cursos e seminarios.

## Arturo Parrado apoia a posta en marcha do programa Bo rumbo de acceso ao mercado laboral de persoas en situación de exclusión social

- Recolle o desenvolvemento de itinerarios de inclusión sociolaboral, clases de competencias clave, formación para obter o permiso de conducir e un curso de manexo de carretillas elevadoras
- A iniciativa, da que se beneficiarán un total de 70 persoas, está impulsada pola Confederación Empresarial de Ourense e conta coa colaboración da Xunta de Galicia

**Ourense, 23 de setembro de 2016.-** O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, acudiu á presentación do programa Bo rumbo, que porá en marcha a Confederación Empresarial de Ourense para evitar a exclusión e fomentar o acceso e a permanencia no mercado laboral daquelas persoas en situacións desfavorecidas.

Este programa, do que se beneficiarán un total de 70 persoas, contempla diversas actuacións entre as que se atopan itinerarios de inclusión sociolaboral, que comprenden a valoración e deseño individual dun itinerario con medidas de acompañamento, orientación social e laboral, busca activa de emprego e mellora de habilidades sociais. Destas 70 persoas, 40 participarán nestes itinerarios e dentro deste grupo de 40 participantes, 30 delas recibirán formación para obter o permiso de conducir. Así mesmo,

a través de Bo rumbo, impartiranse clases de competencias clave, orientadas á obtención do título da ESO a outras 15 persoas, así como un curso de manexo de carretillas elevadoras para outras 15 persoas.

Arturo Parrado valorou moi positivamente a posta en marcha deste programa, e gabou o traballo da Confederación en prol da inserción laboral e da integración social das persoas que máis o precisan.

O director xeral sinalou que a formación é "unha das mellores armas para loitar contra a exclusión social" e incidiu en que as "mellores educativas son o vehículo ideal para mellorar a calidade de vida das persoas". Nesta liña insistiu en que a formación orientada ao traballo é "un dos piares básicos na inserción daquelas persoas que se atopan en situación de risco ou exclusión social".

<http://politicassocial.xunta.gal/web/porta/portada-de-inclusion>

## Actualidade

## Rey Varela destaca a importancia das novas tecnoloxías “como orientación dos mozos cara ao mundo laboral” na entrega de Premios do Xuventude Galicia Net 2016

- ▶ **O conselleiro entregou os trofeos dos diferentes torneos que se levaron a cabo nesta fin de semana e que contaron con preto de 6.000 euros en premios**

**Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2016.** O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, salientou na entrega de premios da *party* informática Xuventude Galicia Net (XGN) a importancia das novas tecnoloxías “como orientación dos mozos e mozas cara ao mundo laboral”. Rey Varela destacou este espazo de encontro xuvenil como un “punto de referencia dos novos avances tecnolóxicos” para os preto de 800 participantes inscritos.

O evento, que tivo lugar do 9 ao 11 de setembro na Feira

Internacional de Galicia ABANCA serviu segundo o máximo responsable da área social do Goberno galego, para “establecer un marco axeitado para que a mocidade se poida achegar á sociedade da información e ao manexo das novas tecnoloxías, sobre a base da interacción e o cambio de experiencias entre os participantes no evento”. O conselleiro tamén quixo salientar que Xuventude Galicia Net é un encontro “feito para todos” xa que, ademais dos 800 inscritos, “o público xeral poderá acceder a obradoiros, talleres e charlas centradas nas novas tecnoloxías”.



O conselleiro entregou os trofeos dos diferentes torneos que se levaron a cabo nesta fin de semana e que contaron con preto de 6.000 euros en premios.

A décimo sexta edición da XGN contou cunha área intranet para aquelas persoas inscritas que tiveron durante tres días un posto con conexión de altas prestacións para o seu equipo informático e poderán acampar dentro do pavillón así como participar

en numerosas actividades e torneos. Por outra banda, a extranet contou cun completo programa con multitude de actividades ás que poderán acceder tanto os inscritos como os visitantes que accedan ao recinto. A *party* informática volveu a contar cun pequeno espazo expositivo complementario no que se amosaron tanto produtos relacionados coa informática e o ocio electrónico como pezas de artesanía.

## A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado fomenta a seguridade viaria a través dun curso de condución gratuíto para mozos e mozas

- ▶ **Esta iniciativa formativa enmárcase na campaña de sensibilización “Libre” e permite que a mocidade adquira actitudes seguras no uso dun vehículo tomando como base o coñecemento dos factores de risco**

**Curtis (A Coruña), 1 de outubro de 2016.** A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, desprazouse ata o polígono industrial de Teixeira no Concello de Curtis, para coñecer de primeira man e participar nas actividades do curso de condución segura que o departamento autonómico está a desenvolver nesta localidade no marco da campaña Libre.

Cecilia Vázquez sinalou que “dentro da campaña de sensibilización ‘Libre’ a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado aposta novamente polos cursos de condución segura coa finalidade de achegar á mocidade

actitudes seguras no uso dun vehículo tomando como base o coñecemento dos factores de risco na condución, dos sistemas de seguridade activa e pasiva do vehículo, así como da técnica de condución”.

Nestes cursos poden participar mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos que saiban conducir un vehículo. A actividade está organizada para 15 alumnos cada xornada (un total de 90 prazas) en seis sesións en horario de 09:00 a 15:45 horas. As catro primeiras tiveron lugar os días 23, 24, 25 e 30 de setembro, quedando por celebrarse as sesións do 1 e 2 de outubro.

As actividades, que inclúen unha formación teórica e práctica, teñen por obxectivo achegar á mocidade actitudes seguras no uso do vehículo e nas técnicas de condución. Esta iniciativa dá continuidade ás accións que Xuventude ten posto en marcha para fomentar a formación e concienciación viaria entre os máis mozos.

Conta cunha parte teórica seguida doutra práctica aos mandos dun vehículo. Na teórica os alumnos coñecerán os factores de risco, como o alcohol, as drogas, o sono ou as distraccións ou como afectan na condución os elementos de seguridade activa e pasiva como o ABS, o control de tracción e de estabilidade o cinto ou o airbag.

Na parte práctica, os participantes poderán poñerse aos mandos dun vehículo para practicar

diferentes técnicas de condución nun circuíto que simula superficies esvaradías, practicas de freadas de emerxencia e con avaría, sláalom ou circuíto de Kann.

<http://xuventude.xunta.es/2016/10/10/20915/campana-libre-cursos-de-conducion-segura-29-e-30-de-outubro.html>



## Cecilia Vázquez acode á posta en marcha de dous proxectos impulsados a través de Iniciativa Xove por estudantes da Universidade de Santiago

► **Iniciativa Xove é unha ferramenta que permite descubrir e potenciar o talento xuvenil e coa que a xuventude galega pode organizar, emprender e impulsar actividades**

**Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2016.** A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou na posta en marcha de dous proxectos do programa de participación xuvenil Iniciativa Xove impulsados por estudantes da Universidade de Santiago.

O primeiro deles, promovido polo grupo informal Xuristas en acción, ten como obxectivo analizar o papel que xoga a xuventude no modelo de xestión pública. As actividades deste proxecto céntranse na realización de encontros con profesionais destacados no ámbito da función pública, que darán paso a unha mesa de traballo onde os mozos e mozas debaterán sobre o seu papel na política actual.

Por outra banda, a directora xeral tamén participou no proxecto do grupo informal de estudantes de odontoloxía de Santiago,

que levan a cabo unhas xornadas de vocación odontolóxica. Con esta iniciativa, os seus promotores pretenden dunha parte aumentar con talleres prácticos as horas de experiencia para exercer a profesión e, por outra, achegar aos alumnos e alumnas de bacharelato a realidade da súa carreira.

Para Cecilia Vázquez, "Iniciativa Xove é unha ferramenta que permite descubrir e potenciar o talento xuvenil". A directora xeral tamén destacou que "este é o primeiro programa de participación xuvenil de todo o Estado no que poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas".

Deste xeito, "dánse as maiores facilidades burocráticas para que a xuventude galega poida organizar, emprender e impulsar actividades onde os actores principais son eles mesmos, sen intermediarios".



Con esta liña de axudas preténdese fomentar a participación da mocidade, co propósito de estimular o liderado, a creatividade

e o talento xuvenil e, sobre todo, permitir poñer en práctica as súas ideas relacionadas cos temas do seu interese, xa que "Iniciativa Xove non lle di aos mozos e mozas o que teñen que facer, senón que lles pide propostas para logo apoialas", destacou Cecilia Vázquez.

Este programa sufragará ata o 100% das iniciativas e proxectos de interese presentados polos mozos e mozas, cun investimento máximo por cada actividade de 5.000 euros. Todas as entidades e grupos aos que se lles conceda a axuda e o solicitasen, reciben un anticipo do 80% sobre o total da cantidade concedida. Isto permítilles financiar o proxecto sen ter que adiantar contías eles mesmos, o que evita que a posible falta de liquidez das persoas novas constituía un impedimento para a posta en marcha das súas ideas.

<http://xuventude.xunta.es/iniciativa-xove.html>

## Actualidade

## Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

<b>Xaneiro</b>	das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos	12 de xuño	15 de xullo
27 de xaneiro		- Día Mundial contra o Traballo Infantil	- Día Mundial das Habilidades da Xuventude
- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto	<b>Abril</b>	13 de xuño	18 de xullo
	2 de abril	- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo	- Día Internacional de Nelson Mandela
<b>Febreiro</b>	- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo		30 de xullo
6 de febreiro	6 de abril	14 de xuño	- Día Internacional da Amizade
- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	- Día Mundial do Doador de Sangue	- Día Mundial contra a Trata
